

GRAOS DO ADXECTIVO

1. Indica se se trata dun comparativo de IGUALDADE, SUPERIORIDADE ou INFERIORIDADE.

- O carballo está tan alto como aquela casa.
- Roi é menos intelixente ca súa irmá.
- Esta casa é máis vella que a do lado.
- O día foi máis marabilloso do que esperabamos.
- Os furacáns son moi malos para os mariñeiros.
- Este carballo é menos alto ca túa casa.
- O Pedro é tan tímido coma nos dixeran.
- A Iria sempre foi máis alta ca min.

2. Indica en que grao está o adxectivo (POSITIVO, COMPARATIVO ou SUPERLATIVO)

O meu gato está tranquilo.

Esa alfombra é tan bonita como a túa.

Lembro que non foi tan difícil como nos dicían.

A auga sae moi quente.

O último libro que lin resultoume menos interesante que o anterior.

Aquela rapaza morena é a nena máis fermosa que vin nunca.

Neste partido de baloncesto todos os xogadores eran altos.

Este rapaz sabe chistes graciosísimos.

Non vin nena tan alta coma ela.

Non sei se esta salsa está máis rica cá outra.

A praia da Lanzada é moi grande.

Esta canción ten unha letra moi reivindicativa.

O doente está peor do que pensabamos.

Os cans son os nosos amigos fieis.

3. Indica as formas comparativas de superioridade dos seguintes adxectivos:

- | | |
|------------|-----------|
| • Bo: | • Malo: |
| • Pequeno: | • Grande: |

4. Volve a escribir estes adxectivos en grao superlativo:

- O nivel de inglés é **baixo**:
- Os resultados dos exames son **malos**:
- A talla desta camiseta é **pequena**:
- O camión debe ter unha altura **grande**:
- As atraccións son **divertidas** para os nenos: